

MESA SECTORIAL DO DÍA 9 DE MARZO DE 2022

## **1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN INFANTIL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

ANPE Galicia considera que este Decreto chega tarde tendo en conta as alturas do curso nas que nos atopamos e que aínda quedaría moita normativa que desenvolver antes do vindeiro curso.

Tal e como xa se tratou no Consello Escolar do Estado tanto este Decreto como o propio Real Decreto do cal emana apenas fan referencia a país, nais e/ou titores legais cando, desde ANPE Galicia, consideramos que a súa participación é fundamental en esta etapa.

A propia LOMLOE establece o cambio de carácter asistencial a carácter educativo da etapa de 0 a 3 anos o que consideramos fundamental. ANPE Galicia conta con un estudo elaborado por Save The Children que incide na tremenda importancia desta primeira etapa na evolución formativa do cerebro dos nenos e nenas e o carácter fundamental desta etapa na diminución das desigualdades sociais. Desde ANPE Galicia demandamos que se potencie ao máximo posible o carácter educativo desta primeira etapa, tendo en conta o que se recolle no antedito estudo, e que se cumpra a promesa feita polo Sr. Presidente da Xunta de Galicia o día 13 de outubro de 2021 no Parlamento de establecer o carácter totalmente gratuíto desta primeira etapa. Actualmente, Galicia, ten un 61% de oferta pública na etapa 0-3 fronte a un 39% de oferta privada. Estas porcentaxes son inferiores á media estatal polo que demandamos unha ampliación importante da oferta pública de prazas e o carácter gratuíto da mesma; máis tendo en conta que somos unha das Comunidades Autónomas cunha taxa de escolarización en 0-3 máis altas do Estado. Tamén gustaríanos saber quen vai a asumir as competencias nesta etapa tras o seu paso a carácter educativo. Desde ANPE Galicia consideramos que ao pasar á ser unha etapa de carácter educativo as competencias deberían ser asumidas pola Consellería de Educación.

ANPE Galicia demanda un reforzo da formación do profesorado da etapa de infantil e polo tanto demandamos un Plan Específico de Formación neste sentido.

Solicitamos tamén que, para o vindeiro curso escolar, os centros educativos poidan ter flexibilidade sobre a decisión de uso dos libros de texto e non estean obrigados a modificalos xa que as propias editoriais dubidan de que se poida facer para o curso que vén.

Desde ANPE Galicia consideramos que se debe facer unha aposta clara e firme pola atención á diversidade tamén nesta etapa educativa pola que demandamos dotación de profesorado suficiente de Orientación e de PT e AL.

Para ANPE Galicia é básico e fundamental, tanto nesta etapa como no resto de etapas educativas, a redución de rateos para poder levar a cabo con garantías de éxito todo o que se recolle no Decreto.

Consideramos tamén que se debe potenciar as linguas estranxeiras no último curso da etapa así como todas as linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma para que os nenos e nenas alcancen a etapa de primaria con dominio das dúas linguas de Galicia e teñan coñecementos dunha lingua estranxeira.

Deben recollese referencias á alimentación saudable dentro do currículo, máis tendo en conta que nesta etapa a ampla maioría dos nenos e nenas aliméntanse nos propios centros.

En relación ao artigo 12, ANPE Galicia considera que os aspectos curriculares deben quedar plenamente recollidos na normativa e, respectando a autonomía que poidan ter os centros educativos, consideramos que estes non deberían ter a posibilidade, tal e como se recolle no antedito artigo, de facer modificacións importantes no currículo.

En relación á Disposición Adicional terceira desde ANPE Galicia consideramos que debe aparecer recollido o período de adaptación aínda que se recolla tamén posteriormente na Orde de Calendario Escolar.

Para finalizar, desde ANPE Galicia consideramos que se deben potenciar as Bibliotecas e Talleres de Aula na etapa tendo en conta que é esta unha etapa na que a vida educativa desenvólvese, fundamentalmente, na propia aula.

## 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Denunciar a non cobertura de baixas e substitucións en centros educativos; vacantes que colgan os centros educativos e que desaparecen da aplicación. Hai un compromiso do Conselleiro de Educación de cubrir todas as baixas “COVID” se ían a cubrir de xeito inmediato que non se está a cumprir. A COVID sigue a estar presente nas aulas.
- Demandamos a redución de rateos en todas as etapas educativas e a restitución do horario lectivo de 21 horas en educación primaria e de 18 no resto de etapas.
- Solicitamos unha adaptación e adecuación á situación actual das dietas por quilometraxe que paga a Administración Educativa tendo en conta a alza dos prezos do combustible.
- Solicitamos unha publicación inmediata de aclaracións sobre a inclusión ou non de aspectos relativos á situación COVID para as programacións didácticas dos procesos selectivos.
- Demandamos que pase pola Mesa Sectorial a Orde de elección de dirección dos centros educativos. Facemos agora xa unha aportación para dita Orde: adecuación dos prazos para que as persoas que fan o curso de dirección do INTEF, que finalizan o 15 de xuño, poidan usar ese ano xa dito curso para poder presentarse á elección. Por exemplo, noutras Comunidades Autónomas o requisito do curso de formación debe presentarse antes do nomeamento. **A Administración estudará esta proposta.**
- Denunciar a falta de información sobre o traslado de ensinanza en certos centros educativos que van a ser transformados en Centros Integrados de Formación Profesional. **A Administración resposta que, de momento, estase a recoller información para ver o que se pode facer e onde. A intención é crear un CIFP en Vilagarcía. Non se contempla a transformación do Frei Sarmiento de Teis de xeito inmediato aínda que si vai a ser CIFP.**
- Solicitamos que se aborde a carga de traballo e o establecemento de distintas compensacións (administrativas, económicas ou de outra índole) para as titorías. **A Administración resposta que serán cuestións que se abordarán nos ROCs que están xa moi avanzados aínda que, agora mesmo, a Administración está priorizando a elaboración dos currículos.**
- Solicitamos que se presenten ás OOSS as posibles prazas de estabilización que a Administración se comprometeu a entregar a finais do mes de Febreiro. É urxente unha reunión previa á presentación de ditas prazas para poder facer un estudo pormenorizado das propostas presentas pola Administración.
- Solicitamos que se traían os ROCs que están pendentes de negociación.
- Demandamos que a Administración faga un estudo da situación para poder permitir ao máximo posible a concesión de licenzas por asuntos propios.
- Solicitamos unha reunión urxente con Persoal para abordar as novas xudiciais (recente publicación do Incidente de Execución da Sala) en relación ao proceso de Cátedras de Música.
- Demandamos un acordo de medidas de apoio á natalidade na nosa Comunidade Autónoma.
- Demandamos que todas as certificacións das probas libres das EOI se fagan na mesma data. Non é admisible que, en función da EOI na que se realizasen ditas probas, un aspirante aos procesos selectivos conte coa baremación do título correspondente e outro, que a realizou o mesmo ano e

# MESA SECTORIAL



na mesma data, non poida ter dita puntuación. A Administración resposta que houbo problemas por falta de profesorado e por verse desbordadas as previsións da Consellería respecto ao número de persoas que se ían a presentar no caso de galego e inglés e que haberá que estudar posibles solucións para o futuro.

O resto de cuestións non contestadas pola Administración corresponden a Direccións Xerais diferentes á que está presente no día de hoxe na Mesa Sectorial e serán trasladadas ás mesmas.

